

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

2715 *Real decreto 182/2015, do 13 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de procedemento do réxime sancionador en materia de pesca marítima en augas exteriores.*

O título V da citada lei regula o réxime das infraccións en materia de pesca marítima, diferenciándoo do ámbito material relativo á ordenación do sector pesqueiro e á comercialización de produtos pesqueiros, onde a competencia estatal alcanza o establecemento das normas básicas, definindo un marco unitario de infraccións e sancións.

Neste sentido, a presente disposición será de aplicación aos procedementos sancionadores en materia de pesca marítima en augas exteriores, sen prexuízo do seu carácter supletorio para as comunidades autónomas, de conformidade co disposto no artigo 149.3 da Constitución.

Tanto a fórmula como os principios subxacentes ao Real decreto 747/2008, do 9 de maio, relativos á manifesta necesidade dunha regulación completa do procedemento sancionador en materia de pesca marítima en prol da configuración dun marco particular dados os condicionantes que conflúe neste procedemento, permanecen invariados. Non obstante o anterior, conflúen neste momento toda unha serie de circunstancias e condicionantes que fan necesario revisar en profundidade o Regulamento do réxime sancionador en materia de pesca marítima en augas exteriores.

En efecto, a Lei 33/2014, do 26 de decembro, pola que se modifica a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, estableceu unha reforma substancial do seu réxime de infraccións e sancións, desde unha firme vontade de liderar na Unión Europea a aplicación dos principios de sustentabilidade dos recursos pesqueiros que impulsa o Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, ao fortalecer a política de control comunitaria a loita contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, e o respecto ás normas da política pesqueira común que promoven tanto o Regulamento (CE) n.º 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008, polo que se establece un sistema comunitario para previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, como o Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común, e o seu Regulamento de execución (UE) n.º 404/2011 da Comisión, do 8 de abril de 2011, que establece as normas de desenvolvemento do mencionado Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009.

Este novo sistema, que ten como obxectivo final evitar a infracción por parte dos nacionais dos Estados membros das normas da política pesqueira común, conta coa introdución dun sistema disuasorio innovador no ámbito pesqueiro, que consiste na creación dun sistema de puntos por infraccións graves sobre cuxa base se pode acabar suspendendo unha licenza de pesca se se asigna un número de puntos determinado ao titular da dita licenza como consecuencia da imposición de sancións por infraccións graves. En virtude desta nova regulación, o presente regulamento inclúe unha mención no artigo 25.3 sobre a incorporación na proposta de resolución dos puntos que, de ser o caso, correspondería aplicar.

Esta reforma substancial do réxime de infraccións e sancións alcanzou aspectos relevantes do procedemento sancionador en materia de pesca marítima en augas exteriores, que deben ser adecuadamente incorporadas ao seu desenvolvemento

reglamentario, e que inciden particularmente no ámbito de aplicación, nos prazos do procedemento, na gradación das sancións pecuniarias, no réxime de medidas provisionais e no destino dos bens e produtos retidos, incautados e comisados, na redución da sanción pecuniaria tras o pagamento voluntario e na suspensión condicional.

Así mesmo, as políticas despregadas polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para adaptar a súa actuación ao cumprimento dos regulamentos citados con anterioridade requiren que, no relativo ao ámbito sancionador, se fomente a posta en marcha de mecanismos de axilidade administrativa que, desde o máximo respecto ás garantías e dereitos dos administrados, aseguren unha resposta rápida e eficaz ante aqueles que incumpren as disposicións da política pesqueira común. Por iso, é particularmente necesario fomentar a utilización da tramitación abreviada ante determinados casos nos cales a fase de instrución é irrelevante, pois todos os elementos que conforman o procedemento se coñecen no momento de acordar o inicio do expediente, e sempre que se cumpran unha serie de requisitos, e así clarificar a redacción do artigo en cuestión.

Finalmente, os seis anos de vixencia do Real decreto 747/2008, do 9 de maio, puxeron de manifesto a necesidade de aclarar e mellorar algunhas cuestións procedementais cuxa aplicación non foi óptima debido ás citadas particularidades da actividade de pesca marítima que, en primeiro lugar, fundamentaron e fundamentan agora a necesidade desta norma, ou cuxa diferente interpretación suscitou certas dificultades para a súa correcta aplicación. Entre elas, teñen particular incidencia as relativas a órganos competentes, responsabilidade, concreción de circunstancias agravantes, ampliación e suspensión de prazos, contido do acordo de iniciación, proba, contido da proposta de resolución, trámite de audiencia, actuacións complementarias, fase de resolución e recoñecemento de responsabilidade.

Por todo o anterior, faise necesaria esta norma, que desenvolve adecuadamente os preceptos da Lei 3/2001, do 26 de marzo, na redacción dada pola súa recente modificación, e que fomenta decididamente a axilidade e claridade dunha actuación administrativa que se enmarca nun contexto comunitario e internacional que aposta decididamente polas políticas de control como garantía fundamental na consecución do principal obxectivo da Administración pesqueira española, isto é, a sustentabilidade dos recursos pesqueiros.

Polo tanto, mediante este real decreto apróbase un novo regulamento de procedemento do réxime sancionador en materia de pesca marítima en augas exteriores, que substitúe o aprobado en 2008 pero do cal mantén a súa estrutura e elementos esenciais. As razóns de seguridade xurídica que aconsellan a aprobación dunha nova norma por enteiro non equivalen ao establecemento dun sistema de nova planta.

Así, mantense a opción normativa consistente na regulación completa do procedemento sancionador en materia de pesca marítima, en prol de configurar un marco unitario debido aos destacados factores que conflúen no procedemento.

En primeiro lugar, as propias características da tramitación dos procedementos e a asignación funcional que se produce na dita tramitación, pois trátase dun procedemento complexo, no cal o seu acordo de iniciación para as infraccións graves e moi graves o adoptan os delegados do Goberno nas comunidades autónomas e a instrución se efectúa, así mesmo, no dito ámbito. Pola contra, a súa resolución, salvo no suposto de infraccións leves, ao abeiro do disposto no artigo 112 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, adóptana o director xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura, o secretario xeral de Pesca ou o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Por iso, en atención a esta característica e aos problemas que se formulan na práctica, froito da dispersión xeográfica e da diversidade de instrutores, optouse por tratar de configurar un marco unitario que coaduxe á sinxeleza no manexo das fontes do procedemento sancionador en materia de pesca marítima, así como á claridade interpretativa, ao tempo que facilite a unidade de criterio dos órganos instrutores.

En segundo lugar, como acontecía co regulamento que agora se substitúe, débese destacar a inadaptación do procedemento sancionador xeral ás especificidades da pesca

marítima, que non encontran adecuado encaixe neste, entre outras, polas especiais e mudables circunstancias do sector, a incidencia e a necesidade de adaptación á política pesqueira común, pola necesidade de consideración de elementos de protección e mellora na conservación dos recursos pesqueiros, con especial énfase nas zonas de protección pesqueira e complexidade dos axentes que interveñen.

En terceiro lugar, xustifícase a existencia dun regulamento autónomo na necesidade de acudir a outras normas para determinar a atribución competencial, non sempre regulada de forma expresa na normativa sectorial, tanto na tramitación das distintas fases do procedemento sancionador como na propia resolución deste.

En cuarto lugar, aspectos relacionados coa tramitación como, por exemplo, a insuficiencia da regulación das medidas provisionais no procedemento sancionador xeral, en especial, tendo en conta a súa relevancia en materia de pesca marítima, existen o mantemento deste réxime singular; a non consideración como actuación complementaria e, polo tanto, a non suspensión do prazo para resolver, ao abeiro do artigo 20.1 do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, dos informes que preceden inmediatamente a resolución final do procedemento, o que xera importantes inconvenientes neste ámbito, en especial, ante a necesidade de solicitar informes que acrediten ou valoren danos a zonas de protección pesqueira. Tamén xustificaron entón a súa aprobación, e mantéñense agora, aspectos tales como a necesidade dunha regulación máis completa dos trámites de ampliación de actuacións e rectificación da proposta de resolución por parte do órgano competente para resolver; a inadaptación do prazo máximo para a tramitación e resolución do procedemento simplificado ao ámbito da pesca marítima, como mostra o feito de que practicamente sexa inédito neste sector; ou a inadecuación do réxime de custodia dos expedientes previsto no artigo 3.4 do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, á configuración desde o punto de vista orgánico do procedemento sancionador en materia de pesca marítima.

Finalmente, mantéñense as previsións da sección oitava do capítulo terceiro relativas ao desenvolvemento do procedemento previsto no Real decreto 1134/2002, do 31 de outubro, relativo á aplicación de sancións en materia de pesca marítima a españois enrolados en buques con abandeiramento de conveniencia, e que reforzan os principios da normativa comunitaria de loita contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.

Este real decreto dítase en virtude da facultade conferida ao Goberno pola disposición derradeira segunda da Lei 3/2001, do 26 de marzo, e de acordo co disposto no artigo 149.1.19.^a da Constitución, que atribúe o Estado competencia exclusiva en materia de pesca marítima en augas exteriores. Na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas, así como o sector afectado e demais axentes interesados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de marzo de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación do Regulamento de procedemento do réxime sancionador en materia de pesca marítima en augas exteriores.

Apróbase o Regulamento de procedemento do réxime sancionador en materia de pesca marítima en augas exteriores, cuxo texto se insire a continuación, en desenvolvemento do disposto no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Disposición adicional primeira. *Protección de datos de carácter persoal.*

1. O tratamento dos datos relativos aos procedementos sancionadores a que se refire este regulamento está sometido ao disposto en Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e ás súas normas de desenvolvemento.

2. Os datos poderán ser obxecto de cesión aos órganos da Administración xeral do Estado que debesen ter acceso a eles no ámbito das súas competencias. Igualmente, poderán ser comunicados aos órganos da Unión Europea, nos termos previstos nas normas comunitarias que resulten de aplicación.

Disposición adicional segunda. *Funcións de control e inspección.*

As funcións de control e inspección da actividade de pesca marítima exerceraos o persoal a que se refire o artigo 2 do Real decreto 176/2003, do 14 de febreiro, polo que se regula o exercicio das funcións de control e inspección das actividades de pesca marítima.

Disposición transitoria primeira. *Procedementos en tramitación.*

Os procedementos sancionadores iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto seguiranse tramitando ata a súa resolución final conforme a normativa aplicable no momento da súa iniciación, salvo aquelas disposicións cuxa aplicación resulte máis favorable ao particular, caso en que se aplicarán retroactivamente.

Disposición transitoria segunda. *Entrada en vigor do punto terceiro do artigo 21 deste regulamento.*

A dita disposición entrará en vigor o 1 de xuño de 2015, data de entrada en vigor da modificación do punto quinto do artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, prevista na Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Ata a data sinalada no parágrafo anterior, nos supostos de notificación por edictos, o anuncio permanecerá no taboleiro de edictos do concello durante un prazo de sete días. Deberase consignar no edicto a oportuna dilixencia da data en que se inicia e aqueloutra en que se retira para custodialo no expediente, así como a referencia á data de publicación no diario oficial correspondente, e advertirse do prazo que proceda para realizar as actuacións a que fai referencia o acto notificado.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 747/2008, do 9 de maio, polo que se establece o Regulamento do réxime sancionador en materia de pesca marítima en augas exteriores.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1134/2002, do 31 de outubro, sobre aplicación de sancións en materia de pesca marítima a españois enrolados en buques con abandeiramento de conveniencia.*

Modifícase o número 3 do artigo 2 do Real decreto 1134/2002, do 31 de outubro, sobre aplicación de sancións en materia de pesca marítima a españois enrolados en buques con abandeiramento de conveniencia, coa seguinte redacción:

«3. O incumprimento do disposto neste real decreto rexerese polo disposto no Real decreto 182/2015, do 13 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de procedemento do réxime sancionador en materia de pesca marítima en augas exteriores.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.19.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia en materia de pesca marítima en augas exteriores.

Disposición derradeira terceira. *Aplicación supletoria.*

Será de aplicación supletoria no non disposto no presente regulamento o Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de procedemento do exercicio da potestade sancionadora.

Disposición derradeira cuarta. *Non incremento de gasto.*

As medidas incluídas nesta norma serán atendidas coas dotacións orzamentarias ordinarias dos departamentos ministeriais correspondentes e non poderán xerar incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de marzo de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA

REGULAMENTO DE PROCEDIMENTO DO RÉXIME SANCIONADOR EN MATERIA DE PESCA MARÍTIMA EN AUGAS EXTERIORES

Capítulo I. Disposicións xerais.

- Artigo 1. Obxecto.
- Artigo 2. Ámbito de aplicación.
- Artigo 3. Órganos competentes.
- Artigo 4. Transparencia do procedemento.
- Artigo 5. Réxime, aplicación e eficacia das sancións en materia de pesca marítima.
- Artigo 6. Responsabilidade.
- Artigo 7. Responsabilidade solidaria.
- Artigo 8. Concorrenza de procedementos e sancións.
- Artigo 9. Comunicación dos indicios de infracción.
- Artigo 10. Prescrición e arquivamento das actuacións.
- Artigo 11. Vinculacións coa orde xurisdiccional penal.

Capítulo II. Infraccións e sancións en materia de pesca marítima.

- Artigo 12. Infraccións administrativas.
- Artigo 13. Gradación das sancións pecuniarias.

Capítulo III. Procedemento sancionador.

Sección 1.^a Normas xerais.

- Artigo 14. Prazo de tramitación.
- Artigo 15. Ampliación e suspensión do prazo.
- Artigo 16. Actuacións previas.
- Artigo 17. Medidas provisionais.
- Artigo 18. Do destino dos bens e produtos retidos, incautados e comisados.
- Artigo 19. Desenvolvemento da poxa pública dos bens e produtos apreñados, incautados e comisados.

Sección 2.^a Iniciación do procedemento.

- Artigo 20. Forma de iniciación.
- Artigo 21. Contido do acordo de iniciación.
- Artigo 22. Colaboración e responsabilidade na tramitación.

Sección 3.^a Instrución.

- Artigo 23. Actuacións e alegacións.
- Artigo 24. Proba.
- Artigo 25. Proposta de resolución.
- Artigo 26. Audiencia.

Sección 4.^a Resolución e finalización do procedemento.

- Artigo 27. Actuacións complementarias.
- Artigo 28. Resolución.
- Artigo 29. Recoñecemento de responsabilidade.

Sección 5.^a Tramitación abreviada.

- Artigo 30. Tramitación abreviada.

Sección 6.^a Procedemento simplificado.

- Artigo 31. Procedemento simplificado.

Artigo 32. Tramitación.

Sección 7.^a Suspensión condicional.

Artigo 33. Procedemento de suspensión condicional.

Sección 8.^a Procedementos sancionadores vinculados a buques de bandeira de conveniencia.

Artigo 34. Obxecto.

Artigo 35. Procedemento.

Artigo 36. Exercicio da competencia sancionadora polo Estado de bandeira.

REGULAMENTO DE PROCEDIMENTO DO RÉXIME SANCIONADOR EN MATERIA DE PESCA MARÍTIMA EN AUGAS EXTERIORES

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

A potestade sancionadora en materia de pesca marítima regulada no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, exercerase mediante o procedemento previsto neste regulamento, de acordo cos principios establecidos no título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Será de aplicación o presente regulamento ás condutas ou feitos que, con fundamento no dereito nacional, comunitario ou internacional, sexan constitutivas de infraccións de pesca nos termos establecidos no artigo 12 e se cometan:

a) Dentro do territorio español ou en augas exteriores baixo xurisdición ou soberanía españolas.

b) Fóra do territorio ou augas marítimas baixo soberanía ou xurisdición españolas por persoas físicas ou xurídicas, a bordo de buques de pavillón nacional ou servíndose deles.

c) Fóra do territorio ou augas marítimas baixo soberanía ou xurisdición españolas por persoas físicas ou xurídicas de nacionalidade española, a bordo de buques apátridas ou sen nacionalidade, ou de buques de pavillón estranxeiro ou servíndose deles, neste último suposto sempre que o Estado de bandeira non exercese a súa competencia sancionadora segundo a normativa en vigor.

d) Ademais do disposto nas letras anteriores, será tamén de aplicación aos feitos ou condutas detectados en territorio ou augas marítimas baixo soberanía ou xurisdición españolas e considerados como pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, segundo os termos e condicións establecidos na normativa comunitaria ou internacional, aínda cando sexan cometidos fóra do dito ámbito, independentemente da nacionalidade dos seus autores e do pavillón de buque.

Artigo 3. *Órganos competentes.*

1. A competencia para o acordo de inicio e instrución de expedientes sancionadores por infraccións graves ou moi graves en materia de pesca marítima corresponderalles aos delegados do Goberno nas comunidades autónomas, de acordo co seguinte criterio:

a) Se a comisión da infracción está vinculada a un buque de pavillón español, será competente o delegado do Goberno da comunidade autónoma onde o buque teña o seu porto base no momento de se iniciar o expediente.

b) No caso de infraccións de pesca recreativa ou se a comisión da infracción non está vinculada a ningún buque, será competente o delegado do Goberno onde tivese lugar a detección dos feitos.

c) Se a infracción está vinculada a un buque de pavillón non nacional, será competente o delegado do Goberno do porto de arribada do dito buque. En caso de que o buque en cuestión non arribe a porto español, será competente o delegado do Goberno da comunidade autónoma onde a persoa física ou xurídica teña o seu domicilio ou residencia habitual.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente, o secretario xeral de Pesca poderá acordar o inicio e designar instrutor de expedientes sancionadores.

En todo caso, a dita excepción deberase facer mediante acordo motivado, do cal se dará traslado ao delegado do Goberno correspondente e que deberá ser notificado aos interesados no procedemento. Contra este acordo non caberá recurso, aínda que se poderá impugnar no recurso que, se é o caso, se interpoña contra a resolución do procedemento.

3. A competencia para a imposición das sancións correspondentes ás infraccións en materia de pesca marítima corresponderá:

a) Aos delegados do Goberno, no suposto de infraccións leves.

b) Ao director xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura, no suposto de infraccións graves.

c) Ao secretario xeral de Pesca, no suposto de infraccións moi graves se a contía da sanción pecuniaria non excede os 300.000 euros.

d) Ao ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, cando a infracción sexa cualificada como moi grave se a contía da sanción pecuniaria excede os 300.000 euros.

Artigo 4. *Transparencia do procedemento.*

1. O procedemento sancionador en materia de pesca marítima desenvolverase de acordo co principio de transparencia do procedemento. Para estes efectos, os interesados teñen dereito a coñecer o seu estado de tramitación e a acceder e obter copias dos documentos contidos nel.

2. Así mesmo, e con anterioridade ao trámite de audiencia, os interesados poderán formular alegacións e achegar os documentos que consideren convenientes.

3. O acceso aos documentos que consten nos expedientes sancionadores xa concluídos rexerase polo disposto no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. Co obxecto de garantir a transparencia no procedemento, a defensa do presunto responsable e a dos intereses doutros posibles afectados, así como a eficacia da propia Administración, cada procedemento sancionador que se tramite formalizase de forma sistemática, incorporando sucesiva e ordenadamente os documentos, testemuños, actuacións, actos administrativos, notificacións e demais dilixencias que vaian aparecendo ou se vaian practicando. O procedemento así formalizado custodiarase baixo a responsabilidade do órgano competente en cada fase deste. Unha vez resolto o procedemento e acordado o arquivamento definitivo das actuacións, o órgano competente para a iniciación do procedemento será responsable da custodia do expediente administrativo.

Artigo 5. *Réxime, aplicación e eficacia das sancións en materia de pesca marítima.*

1. Só se poderán sancionar infraccións en materia de pesca marítima respecto de feitos e condutas constitutivos de infracción tipificados no capítulo II do título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo.

As disposicións sancionadoras en materia de pesca marítima non se aplicarán con efecto retroactivo, salvo cando favorezan o presunto infractor.

2. O cumprimento ou a execución das medidas de carácter provisional ou das disposicións preventivas que, se é o caso, se adopten compensaranse, cando sexa posible, coa sanción imposta.

3. Será sancionable, como infracción continuada, a realización dunha pluralidade de accións ou omisións que infrinxan un mesmo precepto administrativo, ou distintos, cando estes teñan idéntica natureza ou protexan un mesmo ben xurídico, constitúan un mesmo tipo de infracción e sempre e cando concorra algún dos seguintes requisitos:

a) Que exista proximidade temporal. Entenderase que existe proximidade temporal cando as accións ou omisións teñan lugar nunha mesma marea ou en períodos inferiores a un mes.

b) Que exista unha unidade de propósito, entendida como a execución dun plan previamente concibido ou o aproveitamento de idénticas circunstancias.

c) Que obedeza a unha práctica homoxénea pola utilización de medidas, instrumentos ou técnicas de actuación similares.

Artigo 6. *Responsabilidade.*

1. A responsabilidade polas accións e omisións tipificadas no capítulo II do título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, é de natureza administrativa e non exclúe as doutra clase que procederen.

2. As sancións que se impoñan a distintas persoas, físicas ou xurídicas, como consecuencia dunha mesma infracción terán entre si carácter independente, salvo nos supostos de responsabilidade solidaria regulados no artigo 91.2 da Lei 3/2001, do 26 de marzo.

3. A responsabilidade atribuída aos patróns ou capitáns dos buques non excluírá a posibilidade de iniciar procedementos contra as persoas físicas ou xurídicas propietarias ou armadoras dos buques a bordo dos cales se cometan as infraccións que se lles atribúen.

4. As responsabilidades administrativas que deriven do procedemento sancionador serán compatibles coa exigencia ao infractor da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como, se é o caso, coa indemnización dos danos e perdas causados, nos termos previstos no artigo 130.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo que en cada caso se fixe na resolución correspondente.

Artigo 7. *Responsabilidade solidaria.*

1. Todos os suxeitos implicados na comisión dunha infracción a que se refire o artigo 91.2 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, responderán solidariamente cando a infracción sexa imputable a varios deles e non sexa posible determinar o grao de participación de cada un.

2. Serán responsables solidarias polo incumprimento das obrigas impostas pola lei que comporten o deber de previr a infracción administrativa cometida por outros as persoas físicas e xurídicas sobre as cales recaía tal deber.

Artigo 8. *Concurrencia de procedementos e sancións.*

1. O órgano competente acordará a suspensión do procedemento sancionador ou, xa finalizado este, da súa execución, desde o momento en que se teña coñecemento certo de que está en curso outro procedemento sancionador polos mesmos feitos, suxeitos e fundamentos por parte de órganos comunitarios europeos ou outras

organizacións internacionais das cales España sexa parte. A suspensión alzarase desde o momento en que se teña coñecemento de que aqueles ditaron resolución firme.

2. Se os órganos referidos no punto anterior impuxesen sanción, baseada en idénticos feitos e fundamentos xurídicos, o órgano competente para resolver deberá ter en conta para os efectos de graduar a que, se é o caso, deba impor, e deberá compensala, sen prexuízo de declarar que se cometeu a infracción.

3. Nos supostos previstos nos números anteriores, a suspensión alcanzará tamén o prazo de prescrición da infracción ou sanción administrativa.

Artigo 9. *Comunicación dos indicios de infracción.*

Cando, en calquera fase do procedemento sancionador, os órganos competentes consideren que existen indicios racionais da existencia doutra infracción administrativa para cuxo coñecemento non teñan competencia, comunicaranllo ao órgano que sexa competente, de acordo co disposto no artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 10. *Prescrición e arquivamento das actuacións.*

1. Cando das actuacións previas se conclúa que prescribiu a infracción, o órgano competente para iniciar o procedemento acordará de oficio a non procedencia de inicialo.

2. Unha vez iniciado o procedemento, se se conclúe en calquera momento que prescribiu a infracción, o órgano competente para resolver, por proposta do instrutor, acordará a conclusión do procedemento, con arquivamento das actuacións. A dita resolución será notificada aos interesados.

3. Transcorridos dous meses desde a data en que se iniciou o procedemento sen se practicar a notificación deste ao imputado, o órgano competente para iniciar arquivará as actuacións. Se a infracción non prescribise, o órgano competente poderá acordar de novo o seu inicio. Neste último suposto, ambos os dous acordos, de arquivamento e novo inicio do expediente, se deberán notificar ao imputado, sen prexuízo das responsabilidades en que se puidese ter incorrido.

4. Así mesmo, cando transcorra o prazo para a prescrición das sancións de carácter non pecuniario, o órgano competente para resolver notificarallo ao imputado. No caso de prescrición das sancións de carácter pecuniario, actuarase conforme o establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e nas normas en materia de recadación.

Artigo 11. *Vinculacións coa orde xurisdiccional penal.*

1. En calquera momento do procedemento sancionador en que os órganos competentes consideren que os feitos tamén poidan ser constitutivos de ilícito penal, comunicaranllo ao Ministerio Fiscal, e solicitaranlle testemuño sobre as actuacións practicadas respecto da comunicación.

2. Nos supostos previstos no punto anterior, así como cando os órganos competentes teñan coñecemento da existencia dun proceso penal sobre os mesmos feitos, solicitarán do órgano xudicial comunicación sobre as actuacións practicadas.

Recibida a comunicación, e se se considera que existe identidade de suxeito, feito e fundamento entre a infracción administrativa e a infracción penal que poida corresponder, o órgano competente para iniciar ou, se é o caso, resolver o procedemento, en función da fase en que se este encontre, acordará a súa suspensión ata que se dite resolución firme ou que poña fin ao procedemento, teña lugar o sobresemento ou o arquivamento das actuacións ou se produza a devolución do expediente polo Ministerio Fiscal.

3. De non se ter apreciado a existencia de infracción penal, o órgano competente levantará a suspensión e acordará a continuación da tramitación do expediente administrativo desde o momento en que teña coñecemento da resolución firme da autoridade xudicial, ou que poña fin ao procedemento.

4. En todo caso, os feitos declarados probados por resolución xudicial penal firme vinculan os órganos administrativos respecto dos procedementos sancionadores que tramiten.

CAPÍTULO II

Infraccións e sancións en materia de pesca marítima en augas exteriores

Artigo 12. *Infraccións administrativas.*

Constitúe infracción administrativa de pesca marítima toda acción ou omisión tipificada como tal no capítulo II do título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo.

Artigo 13. *Gradación das sancións pecuniarias.*

1. Dentro de cada un dos tramos establecidos polo artigo 106 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, as sancións pecuniarias que procedan respecto de infraccións cualificadas como leves, graves ou moi graves imporanse motivadamente nos graos mínimo, medio ou máximo, conforme o sinalado nel e en atención aos seguintes criterios:

- a) Beneficio económico que obteña ou espere obter o presunto infractor como consecuencia da infracción cometida.
- b) Tamaño e potencia da embarcación.
- c) Natureza dos prexuízos causados, en especial aos fondos mariños, ecosistemas e organismos vivos, recursos económicos, bens de dominio público ou terceiros, ou afección a zonas con protección ambiental ou pesqueira.
- d) Posibilidade de restitución do dano causado como consecuencia de cometer a infracción.

2. Considéranse circunstancias agravantes as seguintes:

- a) Grao de intencionalidade do infractor.
- b) Reincidencia, no caso de que fose sancionado por unha infracción en materia de pesca marítima do mesmo tipo e cualificación. Poderase aplicar sempre que a resolución sancionadora do antecedente adquirise firmeza en vía administrativa no prazo dun ano anterior á data dos feitos.
- c) Reiteración de infraccións, no caso de que fose sancionado por unha infracción en materia de pesca marítima. Poderase aplicar sempre que a resolución sancionadora do antecedente adquirise firmeza en vía administrativa no prazo dos tres anos anteriores á data dos feitos.
- d) Persistencia na conduta ilícita. Aplicarase, en todo caso, nos supostos de infracción continuada segundo os requisitos establecidos no artigo 5.3 deste regulamento.
- e) A xeración de danos ao medio mariño nas zonas de protección pesqueira coa comisión da infracción, tal e como se definen no capítulo III do título I da Lei 3/2001, do 26 de marzo.
- f) A posta en perigo da saúde pública ou vidas humanas coa comisión da infracción.
- g) A situación de sobreexplotación dos recursos pesqueiros afectados. Poderase aplicar cando a dita situación estea recollida na normativa nacional, comunitaria ou internacional correspondente
- h) A realización de actividades pesqueiras ilegais en zonas de veda ou nunha área de fondos prohibidos ou antirreglamentarios.
- i) A comisión de dous ou máis feitos tipificados no mesmo precepto legal, cando non constitúan distintas infraccións.

3. Os criterios de gradación ou agravantes recollidos nos puntos anteriores non se poderán utilizar para agravar ou atenuar a infracción cando estean contidos na descrición da conduta infractora ou formen parte do propio ilícito administrativo.

4. De conformidade cos criterios expostos nos anteriores puntos e de acordo cos límites fixados no artigo 106 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, as sancións pecuniarias por infraccións leves, graves ou moi graves imporanse nos graos mínimo, medio ou máximo dentro dos seguintes tramos:

a) Sanción pecuniaria por infracción leve:

- 1.º Grao mínimo: de 60 a 200 euros.
- 2.º Grao medio: de 201 a 400 euros.
- 3.º Grao máximo: de 401 a 600 euros.

b) Sanción pecuniaria por infracción grave:

- 1.º Grao mínimo: de 601 a 15.000 euros.
- 2.º Grao medio: de 15.001 a 40.000 euros.
- 3.º Grao máximo: de 40.001 a 60.000 euros.

c) Sanción pecuniaria por infracción moi grave:

- 1.º Grao mínimo: de 60.001 a 120.000 euros.
- 2.º Grao medio: de 120.001 a 240.000 euros.
- 3.º Grao máximo: de 240.001 a 600.000 euros.

CAPÍTULO III

Procedemento sancionador

Sección 1.ª Normas xerais

Artigo 14. *Prazo de tramitación.*

1. O prazo máximo para tramitar, resolver e notificar a resolución sancionadora será de seis meses para as infraccións leves e de nove meses para as infraccións graves e moi graves. Este prazo computarase desde a adopción do acordo de iniciación do procedemento.

2. Transcorrido este prazo, o órgano competente para resolver declarará a caducidade das actuacións, sen prexuízo de lle solicitar, así mesmo, ao órgano competente o inicio dun novo procedemento mentres non prescriba a infracción.

Artigo 15. *Ampliación e suspensión do prazo.*

1. Poderase acordar a ampliación do prazo de tramitación do procedemento sancionador cando, por causa xustificada e debidamente motivada, se considere necesaria para garantir o acerto e a legalidade da resolución, cando falten elementos de xuízo suficientes, ou cando os interesados teñan o seu domicilio fóra do territorio español.

2. Así mesmo, o prazo máximo do artigo anterior poderá ser obxecto de suspensión, de acordo cos artigos 27 e 35 deste regulamento, ou por causas imputables aos interesados, e polas demais previstas nas leis.

3. A ampliación ou suspensión será acordada polo órgano competente para resolver o procedemento, ben de oficio ou ben por proposta razoada do órgano instrutor e notificada ao interesado, salvo no disposto no número 5.

4. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do disposto nos artigos 42 e 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. Sempre que os presuntos responsables residan no estranxeiro ou, cando residindo en España, sexa necesario cumprir algún trámite no estranxeiro, farase efectiva, desde o acordo de iniciación, a posibilidade de ampliación de prazos a que se refire o artigo 49.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 16. Actuacións previas.

1. Con anterioridade ao acordo de iniciación do procedemento, o órgano competente para a súa iniciación ou resolución poderá acordar a realización das actuacións previas necesarias, que se realizarán ao abeiro e baixo as condicións fixadas no artigo 95 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, co obxecto de determinar se concorren as circunstancias que xustifiquen tal iniciación.

2. En especial, estas actuacións orientaranse a determinar, coa maior precisión posible, os feitos susceptibles de motivar a incoación do procedemento, a identificación da persoa ou persoas que poidan resultar responsables e as circunstancias relevantes que concorran nuns e noutros.

3. Se, identificados os presuntos responsables, teñen estes domicilio nun país estranxeiro, serán requiridos para que sinalen un radicado en España para os efectos de notificación.

4. As actuacións previas serán realizadas polo funcionario ou órgano administrativo que determine o órgano competente para a iniciación ou resolución do procedemento e, de ser o caso, polos órganos que teñen atribuídas as funcións de control e inspección da actividade de pesca marítima no ámbito de competencias da Administración xeral do Estado, nos termos previstos no Real decreto 176/2003, do 14 de febreiro, que regula o exercicio das funcións de control e inspección das actividades de pesca marítima, e no artigo 95 da Lei 3/2001, do 26 de marzo.

Artigo 17. Medidas provisionais.

1. Antes da iniciación do procedemento sancionador, o delegado do Goberno na comunidade autónoma competente, ou calquera das autoridades a que se refire o artigo 97.1 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, poderá adoptar as medidas provisionais que considere necesarias para:

- a) Asegurar a eficacia da resolución que se poida ditar.
- b) Garantir o bo fin do procedemento.
- c) Evitar o mantemento dos efectos da infracción.
- d) Garantir os intereses xerais.

2. Terán a consideración de medidas provisionais, entre outras:

- a) A retención da embarcación ou o comiso das artes, aparellos e útiles de pesca.
- b) O apresamento do buque.
- c) O regreso a porto do buque.
- d) A suspensión temporal das actividades.
- e) A suspensión das autorizacións de pesca.
- f) O comiso das capturas pesqueiras ou dos produtos da pesca ou dos produtos ou bens obtidos, incluído para estes efectos o importe económico da venda dos bens ou produtos comisados.
- g) A prestación de garantía. No suposto de existencia de garantía, esta non poderá exceder o importe da sanción pecuniaria que, como máximo, poida corresponder pola infracción ou infraccións presuntamente cometidas.

As medidas das letras a), b), e) e f) procederán tan só para os supostos de infraccións graves ou moi graves.

3. As medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, dentro do prazo de quince días desde a súa adopción. As medidas adoptadas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento nese prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso sobre elas, salvo no suposto previsto na sección 8.^a deste regulamento, cando sexa necesaria unha notificación previa ao Estado de bandeira antes de proceder ao inicio do

procedemento sancionador, caso en que se poderán confirmar as citadas medidas quedando suspendida a incoación do procedemento ata completar o dito trámite.

4. Cando, por razóns de urxencia ou de necesidade, de conformidade co disposto no artigo 97.3 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, as medidas provisionais se adoptaren verbalmente, estas deberán reflectir nun acordo escrito e motivado pola autoridade competente para a súa adopción coa maior brevidade posible e, en todo caso, nun prazo non superior a cinco días, acordo que se remitirá ao interesado.

5. Cando as medidas provisionais son adoptadas polo inspector de pesca na acta, deberán, así mesmo, ser obxecto de confirmación, modificación ou levantamento no acordo de inicio do procedemento, no citado prazo de quince días, so pena de que devesen ser ineficaces.

6. Iniciado o procedemento sancionador, a adopción de medidas provisionais corresponderá ao órgano competente para a súa resolución, sen prexuízo de que, por razóns de urxencia inaprazable, o órgano competente para iniciar o procedemento ou o órgano instructor poidan adoptar as que resulten necesarias.

7. A adopción destas medidas realizarase mediante acordo motivado, pondo de relevo en cada caso concreto a súa necesidade en función dos obxectivos que se pretendan garantir, así como a súa intensidade e proporcionalidade en relación, entre outras, coas seguintes circunstancias:

- a) Natureza do posible prexuízo causado.
- b) Necesidade de garantir a efectividade da resolución sancionadora.
- c) Necesidade de evitar a continuidade dos efectos dos feitos denunciados.
- d) Calquera outra circunstancia de específica gravidade que xustifique a adopción desas medidas.

8. As medidas provisionais poderán ser alzadas ou modificadas durante a tramitación do procedemento, de oficio ou por instancia de parte, en virtude de circunstancias sobrevidas ou que non puideron ser tidas en conta no momento da súa adopción.

9. As medidas provisionais adoptadas extinguiranse ao se ditar a resolución administrativa que poña fin ao procedemento sancionador. Non obstante, na resolución adoptaranse, se é o caso, as disposicións preventivas precisas para garantir a súa eficacia mentres non sexa executiva.

10. O importe dos gastos derivados da adopción das medidas anteriormente descritas será por conta do presunto infractor.

Artigo 18. *Do destino dos bens e produtos retidos, incautados e comisados.*

1. O destino das capturas pesqueiras e/ou produtos da pesca comisados será o seguinte:

a) No suposto de capturas pesqueiras comisadas que teñan posibilidades de sobrevivir, o inspector de pesca instará a súa devolución ao medio mariño nos termos previstos no Real decreto 176/2003, do 14 de febreiro.

b) En caso contrario, no suposto de capturas pesqueiras comisadas aptas para o consumo, o inspector, no suposto de que non se iniciase o procedemento sancionador, ou ben o órgano competente para a iniciación ou, de ser o caso, resolución do procedemento, en función da fase procedemental en que se encontre o expediente, poderá dispor darlles algún dos seguintes destinos:

1.º Distribuílas entre entidades benéficas e outras institucións públicas e privadas sen ánimo de lucro. Esta opción terá carácter preferente.

2.º Vendelas en lonxa ou lugar autorizado, quedando o importe da dita venda en depósito á disposición do órgano competente para iniciar o procedemento sancionador.

3.º Con carácter subsidiario, e cando non sexa posible a venda en lonxa, acordarase o inicio do procedemento de poxa pública, conforme o disposto no artigo seguinte.

4.º Como última opción, e unicamente nos casos en que ningunha das opcións anteriores sexa posible, categorizaranse como subprodutos animais non destinados ao consumo humano e trataranse conforme a normativa que lles sexa de aplicación, salvo que en todo caso proceda a súa destrución.

c) No suposto de capturas pesqueiras comisadas non aptas para o consumo, procederase á súa clasificación e tratamento como subprodutos animais non destinados ao consumo humano conforme a normativa que lles sexa de aplicación, salvo que en todo caso proceda a súa destrución.

2. As artes, aparellos ou útiles de pesca antirregulamentarios comisados serán destruídos. Os regulamentarios comisados serán devoltos ao interesado logo de constitución de fianza ou outra garantía financeira, nos termos previstos no artigo 98 da Lei 3/2001, do 26 de marzo.

3. Se na resolución do procedemento sancionador non se aprecia a comisión da infracción, acordarase a devolución dos produtos ou bens incautados. Se o interesado non se fai cargo deles no prazo dun ano desde que fose requirido para iso, estes quedarán á disposición do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que procederá, se é o caso, a ordenar a súa venda en poxa pública, a súa entrega a entidades benéficas e outras institucións públicas ou privadas sen ánimo de lucro ou á súa destrución.

4. Se na resolución do procedemento sancionador se aprecia a comisión de infracción, os produtos ou bens incautados ou comisados que non sexan susceptibles dun uso lícito serán destruídos. Se o seu uso é lícito e sempre que na resolución sancionadora non se estableza a dita incautación ou comiso como sanción ou como disposición preventiva para garantir a execución da sanción, acordarase a súa devolución. Se o interesado non se fai cargo deles no prazo dun ano desde que fose requirido para iso, quedarán á disposición do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que deberá decidir o seu destino, conforme o disposto no punto anterior.

5. En canto aos buques retidos, serán liberados sen dilación, logo de constitución de garantía financeira legalmente prevista, cuxa contía será fixada polo órgano competente, nos termos previstos no artigo 98.1 da Lei 3/2001, do 26 de marzo.

De non se prestar garantía no prazo dun mes desde a súa fixación, sen prexuízo das prórrogas que, se é o caso, se tivesen concedido, o buque quedará á disposición do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que procederá a decidir sobre a súa situación e destino, mentres non se dite a resolución que poña fin ao procedemento.

Os gastos derivados da adopción destas medidas, en relación cos buques retidos respecto dos cales non se constituía garantía financeira legalmente prevista, serán por conta do presunto infractor.

6. Deixarase constancia no expediente de todas as actuacións anteriores.

Artigo 19. *Desenvolvemento da poxa pública dos bens e produtos apreñados, incautados e comisados.*

1. Como norma xeral, a poxa celebrarase en lonxa ou, de ser o caso, no correspondente punto autorizado para a primeira venda, cando se trate de produtos frescos, ou ben no establecemento autorizado pola comunidade autónoma.

2. A execución material da poxa encargarase ao adxudicatario da lonxa ou establecemento autorizado, logo de valoración dos bens ou produtos a prezos de mercado e de acordo cos criterios habituais de valoración.

3. A poxa realizarase con suxeición ás seguintes especialidades:

- a) Non será necesaria a constitución de depósito previo para concorrer á licitación.
- b) O desenvolvemento da licitación realizarase conforme as prácticas habituais deste tipo de actos.
- c) No acto de licitación estará presente un funcionario designado pola Delegación do Goberno.

d) Concluída a poxa, o funcionario designado pola Delegación do Goberno expedirá dilixencia en que se fagan constar os elementos esenciais daquela.

4. Naqueles supostos en que non sexa posible ou non conveña promover a concorrencia, por razóns debidamente xustificadas no expediente, procederá a adxudicación directa dos bens ou produtos incautados nas mellores condicións económicas. Para estes efectos, o órgano competente para a iniciación do procedemento procederá conforme as seguintes regras:

a) O procedemento de adxudicación directa anunciarase no taboleiro de anuncios da Delegación do Goberno na comunidade autónoma competente, así como a través da súa sede electrónica e, de ser o caso, da Subdelegación de Goberno.

b) Cando o valor dos bens supere a contía de 30.000 euros, o procedemento de adxudicación anunciarase no boletín oficial da provincia en que fosen aprehendidos, incautados ou comisados os bens ou produtos. O órgano competente para a adxudicación poderá tamén acordar a publicación nos taboleiros de anuncios dos concellos daqueles lugares onde estean situados os bens, en medios de comunicación de gran difusión, en publicacións especializadas ou en calquera outro medio adecuado para o efecto.

c) O órgano competente para a adxudicación debe proceder a determinar o valor, con carácter previo, dos bens ou produtos con referencia a prezos de mercado, tratando de obter, polo menos, tres ofertas.

d) A adxudicación realizarase mediante acta expedida polo inspector de pesca marítima ou funcionario designado polo órgano que acorde a dita adxudicación, a favor de quen presente a oferta económica máis vantaxosa. Os bens serán entregados ao adxudicatario unha vez que se faga efectivo o importe.

5. O importe da venda realizada, mediante poxa ou adxudicación directa, quedará en depósito na Caixa Xeral de Depósitos á disposición do órgano competente para resolver o procedemento, e deberanse observar as condicións establecidas polo Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos e demais normativa de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro. Todo iso a expensas do que se determine na resolución do expediente sancionador ou da executoriedade efectiva da resolución, se esta xa fose ditada.

Sección 2.^a Iniciación do procedemento

Artigo 20. Forma de iniciación.

1. O procedemento sancionador iníciase sempre de oficio por acordo do órgano competente nos termos previstos no artigo 3 deste regulamento.

A dita iniciación efectuarase:

a) Por propia iniciativa.
b) Como consecuencia de orde superior.
c) Por instancia do director xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura ou doutros órganos ou autoridades en materia de pesca marítima.

d) Como consecuencia de denuncia sobre algún feito ou conduta que poida ser constitutiva de infracción.

e) Como consecuencia da acta levantada polos inspectores de pesca marítima ou outros funcionarios ou axentes da autoridade.

2. A formulación dunha petición non vincula o órgano competente para iníciar o procedemento sancionador, ben que deberá comunicar de forma razoada ao órgano que a formulase os motivos polos cales, se é o caso, non procede a iniciación do procedemento.

3. Nos supostos de denuncia, esta deberá expresar a identidade da persoa ou persoas que a presentan, o relato dos feitos que poidan constituír infracción e a data en que se cometeu e, cando sexa posible, a identificación dos presuntos responsables.

Cando se presente unha denuncia, deberase comunicar ao denunciante a iniciación ou non do procedemento.

4. No suposto de actas levantadas que non dean lugar á iniciación dun procedemento polos inspectores de pesca marítima ou, de ser o caso, por outros axentes da autoridade, o órgano competente para a súa iniciación deberá comunicar, mediante acordo motivado, ao director xeral de Ordenación Pesqueira os motivos polos cales, se é o caso, non procede a iniciación do procedemento. Deste acordo non é necesaria a notificación aos particulares.

Artigo 21. *Contido do acordo de iniciación.*

1. O acordo de iniciación do procedemento sancionador formalizarase, como mínimo, coas seguintes especificacións:

- a) Identificación da persoa ou persoas presuntamente responsables.
- b) Exposición sucinta dos feitos que motivan a incoación do procedemento, a súa posible cualificación e as sancións que poidan corresponder, sen prexuízo do que resulte da instrución.
- c) Nomeamento do instrutor e, de ser o caso, do secretario, con expresa indicación do réxime de recusación destes.
- d) Órgano competente para a resolución do procedemento e norma que lle atribúa a competencia.
- e) Medidas provisionais que se adopten, se é o caso, sen prexuízo das que se poidan adoptar durante a tramitación. No caso das medidas provisionais adoptadas antes da iniciación do procedemento, realizarase un pronunciamiento expreso acerca do seu destino, mantemento, modificación ou levantamento.
- f) Prazo máximo para ditar e notificar a resolución.
- g) Indicación do dereito a formular alegacións e á audiencia no procedemento e dos prazos para o seu exercicio.

2. O acordo de iniciación comunicáraselle ao instrutor, con traslado de cantas actuacións existan ao respecto, e notificaráselles ao denunciante, de ser o caso, e aos interesados, entendendo en todo caso por tal a persoa ou persoas presuntamente responsables.

Conforme o disposto no artigo 96 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, os capitáns e patróns, ou as persoas interesadas que dirixan as actividades pesqueiras, entenderanse notificados unha vez practicada a notificación ao titular da licenza de pesca con que prestaren o seu servizo.

3. Nos supostos de notificación por edictos, esta deberase practicar por medio dun anuncio publicado no «Boletín Oficial del Estado», conforme o disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 22. *Colaboración e responsabilidade na tramitación.*

1. Nos termos previstos polo artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, os órganos e dependencias administrativas pertencentes a calquera das administracións públicas facilitaránlle ao órgano instrutor os antecedentes e informes necesarios, así como os medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento das súas actuacións.

2. As persoas designadas como órgano instrutor ou, de ser o caso, os titulares das unidades administrativas que teñan atribuída tal función serán responsables directos da tramitación do procedemento e, en especial, do cumprimento dos prazos establecidos.

*Sección 3.^a Instrución**Artigo 23. Actuacións e alegacións.*

1. Unha vez notificado o acordo de iniciación, os interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 4, disporán dun prazo de quince días para achegar cantas alegacións, documentos ou informacións consideren convenientes e, se é o caso, propor proba que concrete os medios de que se pretenden valer.

2. Cursada a notificación, o instrutor do procedemento realizará de oficio cantas actuacións resulten necesarias para a acreditación dos feitos, e solicitará os datos e informacións que sexan relevantes para determinar, se é o caso, a existencia de responsabilidades susceptibles de sanción.

3. Se como consecuencia da instrución do procedemento resulta modificada a determinación inicial dos feitos, da súa posible cualificación, das sancións impositivas ou das responsabilidades susceptibles de sanción, notificarase ao presunto responsable na proposta de resolución.

Artigo 24. Proba.

1. Recibidas as alegacións ou transcorrido o prazo previsto no artigo 23, o órgano instrutor poderá acordar a apertura dun período de proba, por un prazo non superior a trinta días nin inferior a dez. A práctica das probas, entendéndose por tales aquelas distintas dos documentos que os interesados poidan achegar en calquera momento do procedemento, realizarase de conformidade co disposto no artigo 81 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. O instrutor ordenará a práctica de cantas probas considere necesarias, co fin de acreditar a efectiva realización da conduta infractora e a determinación da identidade dos presuntos infractores.

3. O instrutor tan só poderá rexeitar as probas propostas polos inculpados cando sexan manifestamente improcedentes ou innecesarias, mediante acordo motivado, debidamente notificado a aqueles, de acordo co disposto no artigo 137.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. O acordo motivado da denegación da práctica da proba poderase incorporar á proposta de resolución.

4. Cando a proba consista na emisión dun informe dun órgano administrativo ou entidade pública, e sexa admitida a trámite, entenderase que ten os efectos suspensivos previstos no artigo 42.5.d) da Lei 30/1992, do 26 de novembro:

- a) Cando o informe sexa por solicitude do interesado.
- b) Cando o informe sexa solicitado polo órgano instrutor por ser preceptivo este, para os efectos de validez da proba, por requirilo así o dereito internacional ou comunitario.

5. Os feitos constatados por funcionarios aos cales se recoñece a condición de autoridade e exerzan funcións de inspección que se formalicen en documento público, observando os requisitos legais pertinentes, gozarán de presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os propios interesados.

6. Cando a valoración das probas practicadas poida constituír o fundamento básico da decisión que se adopte no procedemento, por ser peza imprescindible para a avaliación dos feitos, deberase incluír na proposta de resolución.

Artigo 25. Proposta de resolución.

1. Concluída, se é o caso, a proba, o órgano instrutor do procedemento formulará proposta de resolución. Nela fixaranse de forma motivada os feitos, con especificación dos que se consideren probados e a súa exacta cualificación xurídica, determinarase a infracción que, se é o caso, constitúan e a persoa ou persoas que resulten responsables,

así como a sanción que propón que se impoña, ou ben proporá a declaración de non existencia de infracción ou responsabilidade.

2. No suposto de que se adoptasen medidas provisionais, faranse constar na proposta de resolución.

3. De conformidade coa normativa en vigor, a proposta de resolución deberá informar expresamente da posibilidade de que as infraccións poidan comportar a asignación de puntos correspondente coa imposición da sanción.

Artigo 26. *Audiencia.*

1. A proposta de resolución notificaráselles aos interesados, xunto cunha relación dos documentos que constan no expediente, co fin de que poidan solicitar as copias dos que consideren convenientes.

2. O prazo de audiencia será de 15 días, durante os cales os interesados poderán formular alegacións e presentar os documentos e as informacións que consideren pertinentes ante o instrutor do procedemento.

3. Concluído o prazo de audiencia, o instrutor cursará inmediatamente ao órgano competente para resolver o procedemento e a proposta de resolución, xunto con todos os documentos, alegacións e informacións que consten nel.

Sección 4.ª Resolución e finalización do procedemento

Artigo 27. *Actuacións complementarias.*

1. O órgano competente para resolver poderá decidir, mediante acordo motivado, a realización das actuacións complementarias indispensables para a correcta determinación dos feitos ou para a adecuada resolución do procedemento. O acordo de realización de actuacións complementarias notificaráselles aos interesados, e quedará suspendido o prazo para resolver o procedemento ata a terminación das actuacións complementarias, que se deberán practicar nun prazo non superior a quince días e cuxo resultado se lles notificará aos interesados.

2. Terán a consideración de actuacións complementarias aqueles informes ou ampliacións dos existentes que resulten determinantes para ditar a resolución, e entenderanse por tales os que, mediante acordo motivado do órgano competente para resolver, se acrediten como imprescindibles para a correcta determinación dos feitos ou para a adecuada resolución do procedemento.

Artigo 28. *Resolución.*

1. O órgano competente conforme o disposto no artigo 112 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, ditará resolución, que será motivada, e decidirá todas as cuestións formuladas polos interesados e aqueloutras derivadas do procedemento.

A resolución adoptárase respectando o prazo fixado no artigo 14, unha vez recibidos a proposta de resolución e os documentos, alegacións e informacións que constan no expediente, sen prexuízo das posibles ampliacións ou suspensións de prazo previstas neste regulamento e demais disposicións que resulten de aplicación.

2. A resolución notificaráselles aos interesados. Se o procedemento se iniciase como consecuencia de orde superior ou petición razoada, a resolución comunicaráselle ao órgano administrativo autor daquela.

3. Na resolución non se poderán aceptar feitos distintos dos determinados na fase de instrución do procedemento ou, de ser o caso, dos que resulten das actuacións complementarias, con independencia da súa diferente valoración xurídica.

4. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, o órgano competente para resolver non está vinculado pola sanción contida na proposta de resolución do instrutor. Non obstante, cando considere que a infracción reviste maior gravidade de conformidade coa cualificación dos artigos 100 e 101 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, notificaráselle ao

inculpado para que achegue cantas alegacións considere convenientes e concederáselle para iso un prazo de quince días.

5. A resolución do procedemento sancionador incluíra a valoración das probas practicadas e especialmente daquelas que constitúan os fundamentos básicos da decisión, fixará os feitos e, de ser o caso, a persoa ou persoas responsables, a infracción ou infraccións cometidas e a sanción ou sancións que se impoñen, ou ben a declaración de non existencia da infracción ou responsabilidade.

Cando se dean as circunstancias legalmente previstas, e de conformidade coas disposicións dos artigos 108 e 109 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, a resolución deberá expresar os requisitos e efectos da posible redución do 30 por cento da sanción pecuniaria.

6. A resolución non pon fin á vía administrativa, polo que se poderá recorrer contra ela enalzada ante o órgano superior xerárquico do que a ditou, o que se deberá indicar expresamente na resolución, así como o prazo legalmente establecido para iso, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro. Iso sen prexuízo do disposto nos artigos 108 e 109 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, sobre os efectos da redución da sanción pecuniaria.

7. Na resolución poderanse adoptar as disposicións preventivas precisas para garantir a súa eficacia en canto non sexa executiva. As ditas medidas poderán consistir no mantemento das medidas provisionais que, se é o caso, se adoptasen con anterioridade, de conformidade co artigo 17.

8. A resolución será executiva cando sexa firme na vía administrativa, sen prexuízo do disposto no artigo 110 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, en relación coa suspensión condicional.

Artigo 29. *Recoñecemento de responsabilidade.*

1. No suposto de que o interesado manifeste o seu acordo coa proposta de sanción, en calquera momento anterior á resolución do procedemento o órgano instrutor solicitará a conformidade do órgano competente para resolver acerca da finalización do procedemento nun prazo non superior a cinco días desde a recepción do acordo do interesado.

O órgano competente deberá comunicar ao instrutor a dita conformidade no prazo de dous meses desde a data de recepción por este do acordo do interesado. Neste suposto, o instrutor emitirá dilixencia, que se lles notificará aos interesados, en que se declare a finalización do procedemento e se acorde a súa execución e o arquivamento definitivo das actuacións. Cando se dean as circunstancias legalmente previstas, e de conformidade coas disposicións dos artigos 108 e 109 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, a dilixencia deberá expresar os requisitos e efectos da posible redución do 50 por cento da sanción pecuniaria.

O vencemento do prazo sinalado sen que se pronunciase expresamente o órgano competente para resolver determinará a conformidade coa proposta de resolución.

2. No suposto de que o órgano competente para resolver o procedemento rectifique a proposta de sanción, notificaráselle ao instrutor dentro do prazo de dous meses antes citado, e deberá este trasladalo ao interesado. No dito escrito de rectificación deberá indicarse ao interesado o seu dereito a formular as alegacións que considere pertinentes no prazo de 15 días contados desde o seguinte ao da notificación. A conformidade do interesado coa rectificación realizada determinará a finalización do procedemento, logo de dilixencia do instrutor que declare a súa finalización e acorde a súa execución e o arquivamento definitivo das actuacións, con acordo do órgano competente para resolver.

3. Se transcorre o prazo de alegacións sen que se producisen ou se o interesado manifesta a súa desconformidade, o órgano competente para resolver o procedemento notificará expresamente a resolución.

Sección 5.ª Tramitación abreviada

Artigo 30. Tramitación abreviada.

1. Cando ao tempo de se iniciar o procedemento sancionador o órgano competente dispoña de todos os elementos que permitan formular a proposta de resolución, esta incorporárase ao acordo de iniciación.

2. O dito acordo comunicáraselle ao instrutor, con traslado de cantas actuacións existan ao respecto e notificaráselles aos interesados, entendendo por tal a persoa ou persoas presuntamente responsables da infracción.

3. Na notificación os interesados serán advertidos expresamente de que dispoñen dun prazo de audiencia de quince días, conforme o disposto no artigo 26.2 deste regulamento.

No caso de que os interesados propoñan expresamente nas súas alegacións a práctica de proba, o instrutor poderá ordenar ou rexeitar a práctica de proba segundo o disposto no artigo 24, mediante acordo motivado debidamente notificado a aqueles, e formulará nova proposta de resolución, reiterándose ou non na inicialmente notificada segundo o punto primeiro. En todo caso, deberase verificar o cumprimento do estipulado nos artigos 25 e 26.

4. A tramitación abreviada prevista neste precepto poderase aplicar ás infraccións leves ou ás graves en que a sanción pecuniaria se gradúe no seu grao mínimo.

Sección 6.ª Procedemento simplificado

Artigo 31. Procedemento simplificado.

Cando o órgano competente para iniciar o procedemento considere que existen elementos de xuízo suficientes para cualificar a infracción como leve, tramitárase o procedemento simplificado.

Artigo 32. Tramitación.

1. A iniciación producírase por acordo do órgano competente, de conformidade co disposto no artigo 3, e especificárase no acordo de iniciación o carácter simplificado do procedemento.

2. No prazo dun mes a partir da comunicación e notificación do acordo de iniciación, o órgano instrutor e os interesados efectuarán, respectivamente, as actuacións preliminares, a achega de cantas alegacións, documentos e informacións consideren convenientes e, de ser o caso, a proposición e práctica da proba.

3. Transcorrido o dito prazo, o órgano competente para a instrución formulará proposta de resolución de conformidade co disposto no artigo 25 ou, se aprecia que os feitos poden ser constitutivos de infracción grave ou moi grave, acordará que continúe tramitándose o procedemento xeral, que se lles notificará aos interesados para que, no prazo de cinco días, propoñan proba se o consideran conveniente.

4. O procedemento remitiráselle ao órgano competente para resolver, que ditará no prazo de cinco días resolución na forma e cos efectos previstos no artigo 28.

5. O procedemento deberase resolver e notificar no prazo máximo de seis meses desde que se iniciou.

Sección 7.ª Suspensión condicional

Artigo 33. Procedemento de suspensión condicional.

1. O infractor poderá solicitar no prazo dun mes, contado a partir da notificación que pon fin á vía administrativa, a suspensión condicional da execución da sanción imposta, nos termos previstos no artigo 110 da Lei 3/2001, do 26 de marzo. Non se poderá solicitar

a suspensión condicional en canto non se dite resolución do recurso administrativo que, se é o caso, se interpuxese ou transcorrese o prazo para a súa interposición sen que esta se producise.

2. Coa dita solicitude, para os efectos de dar cumprimento aos requisitos previstos no artigo 110.2 da citada Lei 3/2001, do 26 de marzo, deberase xuntar unha declaración responsable do infractor en que se faga constar que non foi sancionado en materia de pesca marítima nos últimos cinco anos.

3. Para os efectos da resolución da suspensión condicional, solicitarase informe preceptivo do director xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura, que se deberá emitir no prazo dun mes.

4. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente sobre a concesión ou denegación da suspensión condicional será de seis meses desde que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa resolución. Conforme o disposto no artigo 110.4 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, os interesados poderán entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Sección 8.^a Procedementos sancionadores vinculados a buques de bandeira de conveniencia

Artigo 34. Obxecto.

1. En virtude do disposto no artigo 2, letras c) e d), as persoas físicas ou xurídicas que incumpran as obrigas derivadas das medidas de conservación e xestión establecidas no dereito internacional en alta mar a bordo de buques de países terceiros poderán ser sancionadas cando o Estado de bandeira non exerza a súa competencia sancionadora, ao abeiro do establecido no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, e no Real decreto 1134/2002, do 31 de outubro, sobre aplicación de sancións en materia de pesca marítima a españois enrolados en buques con abandeiramento de conveniencia, así como na presente disposición, calquera que sexa o seu grao de responsabilidade pola participación nos feitos constitutivos de infracción.

2. Para os efectos da aplicación deste procedemento, enténdese que o Estado de bandeira non exerce a súa competencia sancionadora cando, no prazo de tres meses desde que lle foi notificada por conduto oficial, a conduta presuntamente infractora, fidedignamente probada, ben non respondese por conduto oficial, con mención das actuacións practicadas, ben non levase a cabo as ditas actuacións necesarias para sancionar.

Artigo 35. Procedemento.

1. A notificación ao Estado de bandeira por conduto oficial da conduta presuntamente infractora, consistente no incumprimento de obrigas derivadas de medidas de conservación e xestión establecidas no dereito internacional, realizaraa a representación diplomática de España, salvo que conste no procedemento que xa foi efectuada anteriormente por órganos ou organismos comunitarios ou internacionais, caso en que se considerará esta como válida para os efectos previstos neste regulamento.

2. O prazo de tres meses empezará a contar a partir do momento en que conste a entrada da notificación no órgano correspondente do Estado de pavillón.

3. Se no prazo de tres meses o Estado de pavillón non contesta a notificación nin inicia ningún procedemento, o órgano competente poderá iniciar procedemento sancionador contra as persoas físicas ou xurídicas responsables, de acordo co previsto na Lei 3/2001, do 26 de marzo, e neste regulamento.

Artigo 36. *Exercicio da competencia sancionadora polo Estado de bandeira.*

Ditada resolución firme no Estado de pavillón, o órgano competente para resolver poderá determinar a apertura do expediente sancionador, tendo en conta, en todo caso, a sanción ditada para os efectos de graduar ou, de ser o caso, compensar a que se impoña, sen prexuízo da declaración da infracción. Para estes efectos será de aplicación o disposto nos artigos 8 e 17.3 deste regulamento.